

A festas da Coca e o medio ambiente

O pasado día 3 de xuño comezaron as festas da Coca na nosa vila, e co gallo desta celebración, o departamento de Parques e Xardíns dedicouse a acicalar a vila, limpando, por exemplo, as marxes do esteiro do río Pexegueiro.



O curioso é que cortaron toda a vexetación autóctona a ras, deixando quedar os “plumeiros” ou herbas da Pampa (*cortadeira selloana*), especie altamente invasora, procedente de América do Sur, e as falsas acacias (*Robinia pseudoacacia L.*) tamén invasoras.

O pasado día 5 de xuño foi o Día Mundial do Medio Ambiente, e mentres noutros concellos dedicáronse a erradicar especies vexetais invasoras, no noso dedicámonos a erradicar as nosas. Está claro que ninguén é profeta na súa terra. As de fóra locen máis.



Como podedes observar nesta fotografía, o que tronzaron era sobre todo herbas e fiunchos... pero agora, como destaca o “plumeiro”!!!

Se o desbroce foi feito coa intención de que a nosa vila estivera máis “limpa” e dera unha boa impresión aos visitantes, non chegamos a atinar que xusto fronte do lugar no que se produciu o desbroce, camiñando polo paseo de madeira, atopemos estas vistas (o cheiro non sae nos fotogramas).



Para rematar pregámoslle ao equipo de goberno que, antes de desbrozar, tallar ou plantar nada se asesoren con xente que saiba do tema, ou polo menos procuren informarse. Preguntar non é de tontos; o que é de tontos é precisamente o contrario: non preguntar.

Como nos consta que a concellería de Parques e Xardíns é das máis traballadoriñas, ímoslle deixar unha suxerencia onde vai poder facer o que máis lle encanta: o tallar, e ademais facerlle un favor ao noso ecosistema..



E, para rematar, o venres día 8 producíase un vertido no río Alvedosa, provocando a morte dun gran número de peixes. Iso si, o río quedou... precioso.

A ver que nos contan os do Seprona sobre o vertido. Ao mellor deberíamos de deixar de pagar a taxa de depuración, non si? Aínda que moito nos tememos que ao final todo quedará escrito na auga.